

*Informe anual  
de transparencia  
sobre a atención  
ao alumnado  
con diversidade  
na Universidade  
de Vigo  
2019/2020*



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## *Contidos*

1. Breve referencia ao obxectivo 10 dos ODS
2. Introducción
3. Obxectivo: atención a diversidade
4. Programa PINUE
5. Estatísticas. Curso 2019/2020
6. Apoios económicos á diversidade na UVigo e custos de atención

## 1. Breve referencia ao obxectivo 10 dos ODS

A actividade desenvolta na área de traballo Unaten (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) xestionada desde o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria está aliñada coas metas do obxectivo de desenvolvemento sostible «ODS 10. Reducir a desigualdade en e entre os países», en concreto coas metas:

- 10.2. De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición.
- 10.3. Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto.

### **Obxectivo 10. Reducir a desigualdade en e entre os países**

Reducir as desigualdades e garantir que ninguén quede atrás forma parte integral da consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

A desigualdade dentro dos países e entre estes é un continuo motivo de preocupación. A pesar da existencia dalgúns indicios positivos de cara a reducir a desigualdade nalgúns dimensións, como a redución da desigualdade de ingresos nalgúns países e o status comercial preferente que beneficia os países de baixos ingresos, a desigualdade aínda continúa.

A covid-19 intensificou as desigualdades existentes e afectoulles máis ca ninguén aos pobres e ás comunidades máis vulnerables. Sacou á luz as desigualdades económicas e as fráxiles redes de seguridade social que fan que as comunidades vulnerables teñan que sufrir as consecuencias da crise. Ao mesmo tempo, as desigualdades sociais, políticas e económicas aumentaron os efectos da pandemia.

No sector económico, a pandemia da covid-19 aumentou o desemprego mundial e recortou drasticamente os ingresos do persoal traballador.

A covid-19 tamén pon en risco os escasos avances conseguidos en materia de igualdade de xénero e de dereitos das mulleres durante as últimas décadas. Practicamente en todos os ámbitos, desde a saúde ata a economía, desde a seguridade ata a protección social, os efectos da covid-19 agravaron a situación das mulleres e das nenas simplemente como consecuencia do seu sexo.

As desigualdades tamén están aumentando nas poboacións vulnerables en países con sistemas sanitarios máis deficientes e en países enfrontados a crises humanitarias existentes. As persoas refuxiadas e as migrantes, así como os pobos indíxenas, a xente maior, as persoas con discapacidade e as criaturas encóntranse especialmente en risco de ser excluídos. Ademais, o discurso de odio dirixido aos grupos vulnerables está en aumento.

## 2. *Introdución*

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso coas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para desenvolver os seus estudos, a actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito proactivo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e de deberes. Ademais, como institución pública ao servizo do seu contorno social, debe promover valores de convivencia e de axuste social, e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

A atención á diversidade na Universidade de Vigo vén establecida mediante o Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo. Esta normativa ten como obxectivo regular as accións de atención académica ao estudantado con necesidades educativas especiais para fomentar a súa permanencia na Universidade de Vigo e garantir o apoio desta durante o período de estudos na nosa institución.

Ao abeiro da citada normativa creouse unha comisión técnica (Coaten) que ten como funcións primordiais atender as demandas do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo; elaborar, co apoio de persoas expertas nas necesidades expresadas por cada individuo que solicite a citada atención, un programa persoal de atención; e trasladarlle os devanditos programas á Unaten para que artelle os mecanismos e os recursos necesarios para a súa execución e seguimento.

A citada comisión técnica de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Coaten) ten como obxecto atender de forma adecuada as solicitudes de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo de especial complexidade técnica ou doutra índole.

A atención á diversidade na Universidade de Vigo está enmarcada dentro das funcións delegadas na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, e a xestión da citada actividade recae na sección de Extensión Universitaria dependente do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, concretamente na Unaten (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

O programa que envolve toda esta acción denomínase PIUNE (Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo) ao que nos referiremos no punto 4.

## 3. *Obxectivo: atención á diversidade*

Para que todo o estudantado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo pon en marcha unha serie de medidas a través da súa unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten) co fin de:

- Velar polos dereitos do estudantado con necesidades físicas, comunicativas, educativas e sociais especiais ou minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade. Estas necesidades poden proceder da discapacidade, da sobredotación etc.

- Facilitar o acceso á universidade do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, así como optimizar a súa posterior integración na vida universitaria para potenciar a participación en igualdade de condicións fronte á poboación universitaria maioritaria e á sociedade en xeral.
- Favorecer non só a integración, senón a autonomía do estudantado da comunidade universitaria con necesidades especiais. Isto implica emprender un amplo conxunto de actuacións para fomentar, de maneira simultánea, a cooperación e a máxima autonomía persoal posible na toma de decisións, nos desprazamentos, na adquisición de información e no desenvolvemento dos coñecementos. Así mesmo, implica colaborar na promoción da vida independente das persoas con estas necesidades.
- Difundir información entre todos os sectores da comunidade universitaria sobre a situación das persoas con necesidades específicas de apoio educativo para sensibilizar e fortalecer valores, actitudes e comportamentos non-discriminatorios.
- Asesorar nas posibles adaptacións pedagóxicas, arquitectónicas e comunicativas necesarias para afianzar a igualdade de oportunidades nos procesos de adquisición e de desenvolvemento dos coñecementos e das tarefas tanto académicas coma laborais na universidade.
- Axilizar o proceso de eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións da universidade.
- Formar en temas relacionados coa diversidade e coa integración social.

#### 4. Programa PIUNE

A Universidade de Vigo conta con diferentes programas e ferramentas para acadar a plena integración na vida universitaria do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo.

Entre os programas máis relevantes destaca o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE). Este programa ten por obxecto apoiar o noso estudantado con algún tipo desas necesidades ou trastornos de aprendizaxe legalmente recoñecidos. Estas persoas poderán recibir:

- Atención, acollida e asesoramento da Unaten da Universidade de Vigo
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...)
- Acompañamento en actividades diversas por persoal voluntario da Universidade de Vigo

As e os estudantes con algunha outra circunstancia que precisen dunha atención especializada tamén poderán acollerse ao programa PIUNE; nestes casos levarase a cabo previamente unha valoración por parte de persoal técnico especializado que determinará a súa inclusión ou non no devandito programa. Por outra parte, tamén teñen a opción de recorrer a outras ferramentas das que dispón a Universidade de Vigo como os plans de acción tutorial (PAT) de cada centro ou o Gabinete Psicopedagóxico.

## 5. Estatísticas. Curso 2019/2020

### a) Exención da matrícula de estudantado con discapacidade na Universidade de Vigo

Estudos	Homes	Mulleres	Total	% de mulleres
Grao	98	102	200	51 %
Mestrado	23	12	35	34 %
Doutoramento	15	18	33	55 %
<b>Total</b>	<b>136</b>	<b>132</b>	<b>268</b>	<b>49 %</b>

### b) Estatística do estudantado inscrito no programa PIUNE da Universidade de Vigo

Campus	Estudiantado	Tipos	Estudiantado
Vigo	55	Física	15
		Psicolóxica	38
		Outros	2
Ourense	29	Física	8
		Psicolóxica	20
		Outros	1
Pontevedra	14	Física	3
		Psicolóxica	8
		Outros	3
<b>Total</b>	<b>98</b>		

## 6. Apoios económicos á diversidade na Universidade de Vigo e custos de atención

A Universidade de Vigo, no ánimo de apoiar o máximo posible o noso estudantado PIUNE e sendo conscientes das nosas limitacións, está obrigada a buscar apoios externos para poder atender este colectivo do mellor xeito posible.

### a) Apoio mediante asistentes persoais do colectivo PIUNE

Ao longo do curso houbo a necesidade de contratar un servizo de asistente persoal para un estudante con problemas de mobilidade dentro do campus de Vigo, co gallo de facilitarlle o máximo posible a súa estancia nas nosas instalacións e que o seu problema non altere o seu estudo. O gasto realizado neste tipo de servizo durante o curso 2019/2020 foi de 3.300 euros.

### b) Prestación de servizo externo de eliminación de barreiras de comunicación (intérpretes de lingua de signos para estudantes PIUNE)

Co fin de apoiar estudantes con problemas de audición foi necesario contratar servizos de intérpretes de lingua de signos española. Durante o curso 2019/2020 na Universidade de Vigo os servizos de interpretación de lingua de signos española foron por un importe total de 18.000 euros. Concretamente foron tres apoios ao longo do curso: un apoio no campus de Vigo, un apoio no campus de Ourense e un apoio no campus de Pontevedra.

### c) Material en préstamo da Fundación ONCE para estudantes PIUNE

En virtude dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación ONCE, prestóuselles material, de forma gratuíta por parte da devandita fundación, a seis estudantes da Universidade de Vigo para realizar os seus estudos con toda normalidade. Polo xeral, son aparellos tiflotécnicos e informáticos.

### d) Atención psicopedagóxica ao colectivo PIUNE

Para atender o colectivo PIUNE contamos cun gabinete psicopedagóxico con presenza nos tres campus e que está atendido por unha empresa externa mediante unha relación contractual. O custo anual aproximado do contrato foi de 50.000 euros.

Atención a estudantes PIUNE no Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo durante o curso 2019/2020:

Campus	Consultas	Homes	Mulleres
Vigo	1526	585	941
Ourense	1306	382	924
Pontevedra	415	270	145

### e) Bolsas de apoio a determinado estudiantado que presenta problemas de adaptación no seu centro de estudos debido ás súas necesidades educativas especiais (NEE)

Para levar a cabo estes apoios mediante as devanditas bolsas de integración, baseámonos nos diferentes programas de atención personalizada dirixidos a atender estes determinados estudantes con NEE co fin de fomentar e de garantir a súa permanencia na Universidade de Vigo. Estes programas teñen como finalidade adecuar o proceso de ensinanza e de aprendizaxe en función das súas posibilidades individuais.

Nestes casos, os diferentes programas de atención personalizada necesitan a colaboración dun axente externo, un/unha estudante do mesmo centro e dos mesmos estudos que a persoa que debe ser atendida; é primordial o aspecto humano do acompañamento que esixe que o/a acompañante sexa un compañeiro/a de estudos co que a persoa atendida teña contacto directo e sexa da súa confianza. Para que esta colaboración sexa factible, é necesario concederlle unha axuda ou unha bolsa de colaboración a esta persoa colaboradora.

No curso 2019/2020 concedéronse cinco bolsas de apoio por un importe total de 6.900 euros.

- Días para estudantes do campus de Vigo
- Unha para un estudante do campus de Pontevedra
- Días para estudantes do campus de Ourense

### f) Recoñecemento docente por atención a estudiantado PIUNE

O Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo establece no artigo 13 o desenvolvemento dos programas de atención personalizada nos centros nos seguintes termos:


- Nos centros onde se atopen matriculados estudantes con necesidades específicas de apoio educativo participantes no PIUNE designarase un membro do persoal docente e investigador como responsable da implantación e do seguimento dos programas de atención personalizada vixentes.



- A persoa responsable do PIUNE no centro coordinará unha serie de funcións establecidas en colaboración coa Unaten.
- No caso de que non se designe outra persoa responsable, asumirá as citadas funcións a persoa responsable do plan de acción tutorial.
- A persoa responsable do PIUNE no centro e as persoas involucradas na implantación dos programas de atención personalizada terán dereito ao recoñecemento da súa dedicación, segundo o disposto polas normas anuais de recoñecementos no plan de organización docente (POD).

Durante o curso 2019/2020 este recoñecemento aos titores e ás titoras PIUNE dos centros foi o seguinte:

Campus	Horas recoñecidas
Vigo	160
Ourense	106
Pontevedra	64



**OBXECTIVOS**  
DE DESENVOLVEMENTO  
**SOSTIBLE**